

Mercado sen lixo

Guía de boas prácticas para a redución de lixo
nos mercados e minimizar a chegada ao mar



Os mercados ambulantes e feiras tradicionais son espazos de gran valor económico, social e cultural para os municipios. A súa natureza temporal e ao aire libre comporta, porén, retos ambientais reais: xeración de residuos, materiais dun só uso e risco de contaminación de contornas fluviais e mariñas.

A súa xestión esixe superar a simple recollida de lixo ao final da xornada e avanzar cara ao modelo dos **9R da economía circular**: unha folla de ruta xerarquizada que prioriza a prevención do residuo dende a orixe, antes de que se converta nun risco.

Os 9R, de maior a menor prioridade:

R0 Rexeitar o superfluo.

R1 Redeseñar baixo criterios de ecodeseño.

R2 Reducir o consumo de materias primas.

R3 Reutilizar o que está en bo estado.

R4 Reparar o defectuoso.

R5-R7 Restaurar, remanufacturar e readaptar aparellos antigos e compoñentes.

R8 Reciclar para reintroducir materiais como materias primas secundarias.

R9 Recuperar enerxía dos residuos non reciclables.

Esta guía incide especialmente nos **R0, R1, R2, R3, R4** e **R8**, con boas prácticas concretas para tres actores clave: a administración local, os comerciantes e a clientela.





R8 Reciclar

Separación en orixe nos postos e nas illas de separación selectiva municipais, incluíndo recollida de orgánico comercial para a obtención de compost.

R4 Reparar

Promoción do mantemento de bens proporcionando información á cidadanía sobre puntos locais de reparación de roupa e aparellos avariados.

R3 Reutilizar

Prolongación da vida de caixas, carteis, bolsas e perchas así como fomentando o Kit da Feira de envases reutilizables.

R0 Rexeitar

Eliminación de plásticos dun só uso, mallas ou tabaco. Rexeita o desperdicio alimentario mediante doazóns de excedentes frescos.

R1 Redeseñar

Planificación lóxica espacial e normativa do deseño baseada no ecodeseño, ventos e contedores para previr impactos e cambiar mentalidades.

R2 Reducir

Minimización de dobres embalaxes, químicos de limpeza e pegada de carbono mediante o consumo de proximidade e a mobilidade sostible.



Administración local




R0 Rexeitar o superfluo

- Facilitar que os excedentes de produto fresco cheguen a comedores sociais ou bancos de alimentos.

R1 Redeseñar baixo criterios de ecodeseño

- Apostar pola economía circular no día a día: reducir, reutilizar, reparar, reciclar...
- Promover o contacto entre entidades para reutilizar produtos.
- Crear o marco normativo que obrigue a repensar o modelo de mercado dende a orixe incluíndo cláusulas ambientais para a concesión das licenzas dos postos.
- Distribuír os postos segundo o tipo de produto para facilitar a recollida selectiva.
- Ter en conta a dirección do vento ao colocar postos e contedores para evitar que os residuos cheguen ao mar ou ao río.
- Instalar illas de contedores de recollida selectiva ben dimensionadas e distribuídas.

R2 Reducir o consumo de materias primas

- Usar produtos de limpeza respectuosos co medio ambiente e evitar compostos químicos innecesarios.
- 

R3 Reutilizar o que está en bo estado

- Promover a reutilización de perchas, caixas e outros produtos.
- Apoiar a venda de segunda man.

R4 Reparar o defectuoso

- Informar a cidadanía sobre onde reparar roupa ou aparellos para alongar a súa vida útil.

R8 Reciclar

- Instalar contedores temporais en puntos estratéxicos do mercado.
- Recoller o residuo orgánico ao remate do mercado para convertelo en *compost*.
- Manter as illas de contedores e papeleiras operativas durante o mercado.
- Facer campañas informativas sobre a correcta separación de residuos.

O que queda aquí, acaba no mar



Comerciantes

R0 Rexeitar o superfluo

- Cambiar as bolsas de plástico por bolsas de papel reciclado, de tea ou compostables. Para froita e verdura, usar mallas reutilizables.
- Se está permitido fumar, usar un borralleiro portátil e tirar as cabichas no contedor resto.
- Xestionar os excedentes con descontos de última hora ou doazóns a comedores sociais ou bancos de alimentos.

R1 Redeseñar baixo criterios de ecodeseño

- Apostar pola economía circular: reducir, reutilizar, reparar, renovar, recuperar, reciclar...

R2 Reducir o consumo de materias primas

- Animar a clientela, con carteis, a traer a súa propia bolsa reutilizable.
- Usar embalaxes sostibles e evitar dobres ou triplas embalaxes.
- Usar produtos de limpeza respectuosos co medio ambiente.

R3 Reutilizar o que está en bo estado

- Usar caixas de madeira ou materiais duradeiros para expoñer a mercadoría.
- Reutilizar os carteis do posto cada día de mercado.
- Promover a venda de produtos de segunda man.
- Comunicar á clientela as boas prácticas do posto en materia de residuos.

R8 Reciclar

- Separar os residuos do posto (plásticos, perchas, etiquetas...) e depositalos nos contedores correctos ao rematar a xornada, para que non cheguen ao mar.
-

Cientes

R0 Rexeitar o superfluo

- Se está permitido fumar, usar un borralleiro portátil e tirar as cabichas no contedor resto.

R1 Redeseñar baixo criterios de ecodeseño

- Apostar pola economía circular: reducir, reutilizar, reparar, renovar, recuperar, reciclar...

R2 Reducir o consumo de materias primas

- Elixir consumir produtos frescos e de proximidade para reducir a pegada de carbono das compras.
- Acudir ao mercado a pé, en bicicleta ou en transporte público sempre que sexa posible.

R3 Reutilizar o que está en bo estado

- Acudir ao mercado cun «Kit da Feira»: carriño da compra, bolsas reutilizables de tea ou envases baleiros para produtos frescos ou a granel.
- Introducir nos criterios de compra os produtos vintage ou de segunda man.

R4 Reparar o defectuoso

- Apostar pola reparación de aparellos e roupa para alongar a súa vida útil.

R8 Reciclar

- Evitar que os plásticos e outros residuos cheguen ao mar depositando todos os residuos nos contedores habilitados no mercado.

O que queda aquí, acaba no mar



//Fundación

Obra Social ABANCA

